



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 28 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 13:00 horas do día 28 de xullo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 27-07-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Fco. Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

Dna. Margarita Parajó Calvo (asiste o punto 1.c)
Dna. Susana Garcia Álvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Angel Otero Lamas (asiste os puntos 2.a, 3.a e 4.a)
D. Oscar Couce (asiste os puntos 2.b, 3.b e 4.b)

Secretaria: Dna Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 14.06.2016**

Se retira da orde do día po falta de quorum para a súa aprobación.

b) **Acta da sesión do 20.07.2016**

Se retira da orde do día po falta de quorum para a súa aprobación.

c) **Acta da sesión do 27.07.2016**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes á presente sesión, con excepción do Sr. Presidente, que se absteñen por non ter asistido á mesma, a acta da sesión desta Mesa celebrada o día 27 de xullo de 2016.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:24	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA648-59DHA7-5CE959-3LNRT2-3MGURU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Entrega e, no seu caso, aceptación, dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)

Durante a substanciación do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, CLECE, S.A., presentou xustificación dos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta. Esta xustificación trasladouse ó responsable do contrato, o director técnico da Unidade Deportiva, que elabora informe en data 27 de xullo de 2016

Acéptase o citado informe do director técnico da Unidade Deportiva, de data 27 de xullo de 2016, de valoración das xustificacións presentadas polas empresas cuxas ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333) de CLECE, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

b) Procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440)

Durante a substanciación do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, presentaron xustificación das súas ofertas as seguintes mercantís: SERGONSA SERVICIOS, S.L.; CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.; CIVIS GLOBAL, S.L.U.; ORESA, S.L. e IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS.

CETA CONTRATAS, S.L.; CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. non presentaron xustificación no prazo conferido ó efecto.

Acéptanse ós informes do enxeñeiro municipal, de data 27 de xullo de 2016, de valoración das xustificacións presentadas polas empresas cuxas ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, así como da falla de presentación de xustificacións por parte das empresas citadas no punto anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados aos seguintes licitadores:

1. CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.
2. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
3. ORESA, S.L.
4. CETA CONTRATAS, S.L.
5. CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.
6. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
7. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
8. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:24	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA648-59DHA7-5CE959-3LNRT2-3MGURU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos (SOBRE C).

- a) **Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)**

A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o informe do director técnico da Unidade Deportiva, de data 27 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA e clasificando as ofertas por orde descendente.

- b) **Procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440)**

A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o informe do xefe do servizo administrativo e control orzamentario, de data 27 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA e clasificando as ofertas por orde descendente.

4.- Clasificación

- a) **Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir a CLECE, S.A., do procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificalos, conforme ó informe do do director técnico da Unidade Deportiva, de data 27 de xullo de 2016.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:24	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA648-59DHA7-5CE959-3LNRT2-3MGURU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	FCC AQUALIA, SA - IDONEA CYS, SL	100,00
2	GAIA GESTION DEPORTIVA SL	68,40
3	SERVICIO, SL	36,36
4	FERROVIAL SERVICIOS, SA	33,26

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.088,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados,), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non ter xustificado ós mesmos, consonte os informes do enxeñeiro municipal de data 27 de xullo de 2016, aos seguintes licitadores: SERGONSA SERVICIOS, S.L.; CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.; CIVIS GLOBAL, S.L.U.; ORESA, S.L. ; IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS; CETA CONTRATAS, S.L.; CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:24	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA648-59DHA7-5CE959-3LNRT2-3MGURU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

	Empresas	Puntuación
1	COPCISA SA	96,40
2	NAROM SL	91,57
3	CONSTRUCCIONES FECHI SLU	91,05
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	87,11
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	86,83
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACIÓN Y VIALES SL	85,94
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS SA	83,76
8	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	83,12
9	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	80,82
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ PORTELA SL	78,58

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 935,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

5.- Adxudicación

- a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”. (expediente 17478-332)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que mediante notificación do 13 de xullo de 2016 requiriuse a GARCI VENTA, S.L., licitador clasificado en primeiro lugar no procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:24	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA648-59DHA7-5CE959-3LNRT2-3MGURU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emprega" (expediente 17478-332), a documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP e polas cláusulas 8 e 21 do PCAP.

GARCI VENTA, S.L., presenta diversa documentación, no prazo conferido ó efecto.

Tras a súa comprobación, á vista de que a garantía definitiva é insuficiente, a Mesa acorda, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, requirir a GARCI VENTA, S.L., para que presente, no prazo de tres días, a contar dende o día seguinte ó requirimento, a seguinte documentación:

- Deberá completar a garantía definitiva, por canto corresponde prestar unha garantía definitiva polos seis lotes de que é adxudicatario de 4.299,02 €, e a garantía presentada é de 4.026,16 €.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 13:40 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. Fco. Javier Pardo Espiñeira

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:24	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA648-59DHA7-5CE959-3LNRT2-3MGURU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		